Primaria

# APRENDER É CRECER XUNTOS 1

Programación

# Unidade 11

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

**Título**
Como traen as bolboretas a primavera

**Descrición da unidade**
Neste último trimestre que comezamos coa unidade 11 imos traballar na área de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, as características e as partes das plantas, e o tempo atmosférico e as estacions do ano.

Na parte de Lingua imos engadir un novo apartado, **Vocabulario** e dividir o **Estudo a lingua** en dous subapartados que atenderán a cuestións ortográficas e gramaticais.

Así pois, nesta unidade o apartado **Vocabulario** encargarasae dos sinónimos e do vocabulario básico do mundo agrario. No apartado gramatical **Estudo a lingua** veremos o abecedario e a norma ortográfica de escritura de *mb* e mp, na parte de Ortografía; e o adxectivo, na parte de gramática. No apartado de expresión oral e escrita, **Falo e escribo**, traballarase a narración dun suceso, ofrecendo un esquema de traballo a partir de pautas.

A **Tarefa** do final da unidade vaise centrar no uso da auga e na necesidade de non malgastala, xunto coa aprendizaxe de certos elementos metereolóxicos e de xeografía de Galicia a través dun mapa metereolóxico.

Os obxectivos lingüísticos que se pretende que o alumno e a alumna alcance ao rematar esta unidade son:

1. Escoitar, comprender e ler con fluidez e entoación textos breves comprendendo o seu sentido.
2. Escribir con corrección palabras, frases e textos e interiorizar algunhas normas ortográficas.
3. Interiorizar, de forma non teórica, categorías gramaticais como a do adxectivo.
4. Ampliar o vocabulario.

**Temporalización:**

Abril: ■ ■ □ □

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

**LINGUA**

- Escoitar e comprender un conto de forma oral e poder ler o extracto escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
- Ler con fluidez e entoación os textos da unidade.
- Escribir con corrección e responder axeitadamente ás cuestións que se propoñen.
- Recoñecer os sinónimos e empregalos de forma coherente.
- Memorizar o abecedario e aprender a norma ortográfica que rexe o uso de *mp* e *mb*.
- Recoñecer os adxectivos e empregalos de forma eficaz.
- Redactar un suceso de acordo coas pautas aprendidas.

**CIENCIAS NATURAIS**

- Recoñecer as plantas como seres vivos.

- Distinguir as partes dunha planta e as súas características.
- Coñecer como nace unha planta.
- Coñecer os nomes dalgúns tipos de plantas.

**CIENCIAS SOCIAIS**

- Identificar e describir os fenómenos meteorolóxicos que se producen no seu ámbito máis próximo.
- Coñecer e diferenciar as características de cada estación do ano.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

### LINGUA

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Lectura.<br>- Conto: *Como traen as bolboretas a primavera*<br>- Comprensión da lectura.<br>• Vocabulario.<br>- Os sinónimos<br>• Estudo a lingua.<br>• O abecedario.<br>• *Mp* e *mb*.<br>• O adxectivo.<br>• Falo e escribo.<br>• Narración dun suceso.<br>• Tarefa.<br>• O coidado da auga.<br>• A metereoloxía en Galicia | 1. Escoitar, ler e comprender un conto. | 1.1. Escoita e comprende un conto.<br>1.2. Le o conto da dobre páxina inicial<br>1.3. Identifica feitos do conto de forma correcta.<br>1.4. Aprende as estacións. |
| | 2. Recoñecer os sinónimos e léxico relacionado coa agricultura. | 2.1. Recoñece os sinónimos.<br>2.2. Amplía o vocabulario relacionado coa agricultura. |
| | 3. Aprender o abecedario e interiorizar algunha norma ortográfica como a do uso de *mp* e *mb*. | 3.1. Aprende o abecedario.<br>3.2. Interioriza a norma ortográfica do uso de *mp* e *mb*. |
| | 4. Recoñecer, de forma non teórica, a categoría gramatical do adxectivo e os seus usos. | 4.1. Recoñece, de forma non teórica, a categoría gramatical do adxectivo e os seus usos. |
| | 5. Identificar as partes dun suceso e elaborar un texto escrito de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información. | 5.1. Identificar as partes dun suceso.<br>5.2. Elaborar de forma breve unha narracion dun suceso de forma pautada e ordenada. |
| | 6. Ler e comentar información sobre o coidado da auga e a metereoloxía de Galicia | 6.1. Le e comenta datos o coidado da auga.<br>6.2. Observa os datos dun mapa metereolóxico de Galicia e recoñece a simboloxía que se emprega neste tipo de información. |

### CIENCIAS DA NATUREZA

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • As plantas, as súas | 1. Recoñecer que as | 1.1. Recoñece ás plantas como |

| | | |
|---|---|---|
| características e as súas partes.<br>• Tipos de plantas. | plantas son seres vivos. | seres vivos. |
| | 2. Nomear as partes dunha planta. | 2.1. Nomea e recoñece as partes dunha planta. |
| | 3. Identificar árbores, arbustos e herbas atendendo ás súas características. | 3.1. Identifica árbores, arbustos e herbas atendendo ás súas características. |
| | 4. Establecer conxecturas de sucesos que acontecen de xeito natural e sobre as que acontecen cando se provocan a través dun experimento. | 4.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa e saca conclusións, e comunica a súa experiencia. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • O tempo atmosférico. Fenómenos observables.<br>• As estacións do ano. | 1. Describir o tempo atmosférico través de sensacións corporais e datos observables, diferenciando unhas doutras. | 1.1. Identifica e describe os fenómenos atmosféricos que se producen no seu ámbito máis próximo.<br>1.2. Realiza observacións e rexistros simples acerca do tempo atmosférico local. |
| | 2. Recoñecer as características de cada unha das estacións do ano. | 2.1. Recoñece as características de cada estación do ano e expresa, as sensacións que lle producen as diferentes estacións.<br>2.2. Diferencia as características das estacións do ano. |

## 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF)

——————————————— **LINGUA** ———————————————

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Escoita e comprende un conto. | • Audición do conto *Como traen as bolboretas a primavera* da páxina inicial.<br>• Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes.<br>• Ampliación de contidos con contos populares (*A pega e o lobo*) poema de J. Ramón Jiménez sobre a primavera (*Noiva do campo*) na PD. |
| 1.2. Le o conto da dobre páxina inicial. | • Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial. |
| 1.3. Identifica feitos do conto de forma correcta. | • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar feitos relevantes do relato. |
| 1.4. Aprende as estacións. | • Actividade da epígrafe “Intelixencias múltiples” para recordar e aprender as estacións. |
| 2.1. Recoñece os sinónimos. | • Actividades do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 2.2. Amplía o vocabulario relacionado coa agricultura. | • Actividades do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 3.1. Aprende o abecedario. | • Actividades do LA.<br>• Actividades e adiviñas da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 3.2. Interioriza a norma ortográfica do uso de *mp* e *mb*. | • Actividades do LA.<br>• Actividades da PD, poema de Xoán Babarro (*As campás de Cambadón*, ) adiviñas. |

| | |
|---|---|
| | • Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 4.1. Recoñece, de forma non teórica, a categoría gramatical do adxectivo e os seus usos. | • Actividades do LA.<br>• Actividades, adiviñas e poema de Abel Camacho (*A primavera xa chegou*) da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 5.1. Identificar as partes dun suceso. | • Actividades do LA.<br>• Actividades e canción tradiconal (*Vai o gato metido nun saco*) da PD .<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 5.2. Elaborar de forma breve unha narracion dun suceso de forma pautada e ordenada. | • Actividades do LA.<br>• Actividades do LD. |
| 6.1. Le e comenta datos o coidado da auga. | • Lectura do texto do LA.<br>• Actividades do LD. |
| 6.2. Observa os datos dun mapa metereolóxico de Galicia e recoñece a simboloxía que se emprega neste tipo de información. | • Actividades do LA.<br>• Actividades e cantigas populares para espantar a chuvia da PD (*Chove, chove,Vaite chuvia vente sol*).<br>• Actividades do LD. |

## CIENCIAS DA NATUREZA

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Recoñece ás plantas como seres vivos. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de reforzo dos RF. |
| 2.1. Nomea e recoñece as partes dunha planta. | • Selección de actividades do LA.<br>• Xogos e actividades propostas na PD. |
| 3.1. Identifica árbores, arbustos e herbas atendendo ás súas características. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 4.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa e saca conclusións, e comunica a súa experiencia. | • Actividades propostas na PD. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Identifica e describe os fenómenos atmosféricos que se producen no seu ámbito máis próximo. | • Selección de actividades doL A.<br>• Xogo e actividades propostas na PD. |

| | |
|---|---|
| 1.2. Realiza observacións e rexistros simples acerca do tempo atmosférico local. | • Selección de actividades do LA.<br>• Xogo e actividades propostas na PD. |
| 2.1. Recoñece as características de cada estación do ano e expresa as sensacións que lle producen as diferentes estacións. | • Actividade de aprendizaxe cooperativa proposta na PD. |
| 2.2. Diferencia as características das estacións do ano. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividade *Roda das estacións* da PD. |

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia | Descritor | Desempeño |
|---|---|---|
| *Comunicación lingüística.* | Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. | Escritura dun pequeno diálogo. |
| | Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás. | Escribe textos sinxelos a narración dun suceso de forma ordenada e pautada. |
| | *Plan lector*: Gozar coa lectura. | Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas... |
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Manexar a linguaxe matemática con precisión. | Interpreta a información nunha táboa de dobre entrada. |
| | Reservar  preservar a auga como ben escaso que debe ser coidado. | Manifesta actitudes de respecto e coidado da auga como ben escaso. |
| *Competencia dixital.* | Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento. | Consulta datos en diversas fontes de información. |
| *Aprender a aprender.* | Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. | Propón interrogantes como estratexia para mellorar o proceso de aprendizaxe. |
| | *Intelixencias múltiples*: Intelixencia naturalista. | Aprende os nomes da estacións |
| *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor* | Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. | Participa activamente nas dinámicas de aprendizaxe cooperativa. |
| | Participar nas dinámicas e xogos de grupo. | Aprende xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros. |
| *Competencias sociais e cívicas.* | Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas. | Respecta as opinións alleas, e a quenda de palabra. |
| | *Educación en valores*:  A tolerancia. | Mostra interese e curiosidade polas tradicións, expresións culturais, artísticas, , etc. Respecta as crenzas, tradicións e costumes doutras persoas. |

| | | |
|---|---|---|
| *Conciencia e expresións culturais.* | Informarse sobre aspectos do noso contorno natural e da metereoloxía habitual.<br><br>Aprende cancións populares e xogos, propios do patrimonio popular galego. | Infórmase sobre as características metereolóxicas de Galicia.<br><br>Descubre e xoga cos recursos da literatura tradicional.<br><br>Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega. |

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto "Como traen as bolboretas a primavera"

- Lemos o conto «Como traen as bolboretas a primavera» e observamos as imaxes da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

### Tarefa 2: Aprendemos palabras: os sinónimos e o léxico da agricultura

- Introducimos o concepto de sinónimo e ampliamos o coñecemento do léxico da agricultura coas actividades do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 3: Coñecemos as plantas. As súas características e as partes, e os tipos de plantas.

- Observamos o mural *As plantas* e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

### Tarefa 4: Aprendemos a lingua: O abecedario, *mp* e *mb*, o adxectivo

- Repasamos e aprendemos o abecedario, introducimos a norma ortográfica de uso de *mp* e *mb* e identificamos o adxectivo e os seus usos; realizamos as actividades do LA seguindo as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 5: Estudamos sobre o tempo que fai e as estacións do ano.

- Observamos o mural *Las estacións* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e xogos da PD.
- Completamos coa ficha de reforzo e a de ampliación dos RF de Ciencias.

### Tarefa 6: Expresámonos oralmente e por escrito: A narración dun suceso

- Realizamos as diferentes actividades do LA para narrar un suceso de forma concisa. Seguimos as indicacións da PD para explicarlles as pautas que deben seguir e a orde da información.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD.

**Tarefa 7: O coidado da da auga e a metereoloxía**

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente os xogos tradicionais recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividade do LD.

**Tarefa 8: Repaso da unidade**

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.
- Corrección de actividades en gran grupo para detectar os erros máis habituais.

## 8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler**, **Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiables de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiables.
- Murais da unidade: *As plantas* e *As estacións.*

**Recursos dixitais**

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiables.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
  - *http://anayadigital.es*
  - *http://www.orellapendella.org* Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
  - *http://bibliopoemes.blogspot.com.es* Nesta web podemos atopar abundantes recursos poéticos en diversas linguas.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiables).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estrateias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?